

Lola Ferreiro Díaz

Activista feminista

Doutora en Medicina pola USC

Catedrática de Procesos Sanitarios

Profesora do Programa Oficial de Posgrao en Estudos de Xénero da UVIGO

Investigadora e autora de diversos traballos sobre as violencias de xénero

Investigadora da historia das mulleres na IIª República e no franquismo

Autora do calendario da memoria das mulleres que espalla cada ano un aspecto da recuperación da memoria.

Resumo da palestra:

A represión contra as mulleres foi constante ao longo da ditadura e da “transición”. Igual que os homes, elas foron fusiladas, paseadas, torturadas, encarceradas, exiliadas, “depuradas” dos seus postos de traballo e espoliadas das súas propiedades, pero no seu caso, sufriron a maiores outras formas de represión directa: as agresións sexuais, o roubo das súas crianzas, o pelado e a inxestión forzada de aceite de rícino, e a represión vicaria.

Por outra banda e alén da represión directa, foron obxecto continuo da represión institucional, social e simbólica, a través dunha serie de medidas perfectamente articuladas cuxa finalidade era “devolveras ao fogar” na condición de nais, irmás, esposas e fillas abnegadas e submisas, conforme as directrices máis rancias do patriarcado. Estas medidas, ideadas e implementadas pola igrexa e pola falanxe limitaron os desexos, as aspiracións e, en suma, a vida das mulleres ata extremos insospeitados, que cómpre visibilizar como formas de represión.

Unha vez máis, o Movemento Feminista ven tendo que pular unha serie de accións para que se recoñeza o papel que xogaron estas mulleres na República e na resistencia militante ao franquismo (incluíndo o maquis), pero tamén para que se recupere a historia da represión que o réxime exerceu contra elas. Non sempre se consegue, pero sempre se intenta, desde a esixencia da verdade, xustiza e reparación dos crimes do franquismo.